



Sobreira, alcornoque. Quercus suber.

Sobreira de Valiñas

Son unha sobreira centenaria, e o de centenaria non é broma, estou aquí desde fai máis de 300 anos e son o segundo habitante vivo máis vello desta comarca. Ven visitarme e non temas falarme, pódeme chamar como queiras: sobreira, ou se queres ser máis formal “Quercus suber”, a que soa ben?

Teño 22 metros de alto e un perímetro de 5,50 metros. ¿cantos nenos farían falta para darme unha aperta?



Colle unha das miñas follas, tranquilo, non me doe, son verde brillante por diante e grises e suaves por detrás, o bordo parece unha estrela, con piquitos

En galego a pel das árbores ten o mesmo nome que o produto que se saca de min ¿Sabes o que é? na túa clase seguro que a viches, para colocar os traballos con chinchetas, ou para tapar botellas, está por todas partes e sácano de min.



Estou ao lado do pazo de Valiñas, moi preto do teu colexio. Un dos propietarios do Pazo, o poeta Ramón Cervela, fala de min nos seus poemas, chamándome “Xigante dos mil brazos”.



Coñézote desde que naciches e acompañareite sempre, ou polo menos iso é o que me gustaría, pero debes saber que os alcornoques coma min estamos en serio perigo de extinción, o aumento da temperatura e a contaminación aféctanme moito. Ti podes axudarme, nas túas mans está que poida chegar aos 500 anos que se calculan para a miña especie.

